

Tema 20. A Ditadura de Primo de Rivera

DOC. 1: Manifesto do xeneral Primo de Rivera ao país e ao exército (13-IX-1923).

Españois: chegou para nós o momento máis temido que agardado [...] de recoller as ansias, de atender o clamoroso requirimento de cantos amando a Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desdichas e inmoralidades que comezaron o ano 98 e ameazaron a España cun próximo fin tráxico e deshonoroso. A tépeda rede da política de concupiscencias colleu nas súas mallas, secuestrándoa, ata a vontade real [...].

Pois ben, agora imos a asumir todas as responsabilidades e a gobernar nós ou homes civís que representen a nosa moral e doutrina [...].

Non temos que xustificar o noso acto que o pobo san demanda e impón. Asasinatos, atracos, depreciación da moeda [...], rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos [...], precaria e ruínosa a produción agrícola e industrial; impune propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, descarada propaganda separatista(...).

Non vimos chorar mágoas e vergoñas, senón a poñerlles pronto e radical remedio, para o que requirimos o concurso de tódolos bos cidadáns.

Este movemento é de homes, o que non sinta a masculinidade completamente caracterizada que agarde nun recuncho, sen perturbar os días bos que para a patria preparamos. Españois: Viva España e viva o Rei!

DOC. 2: O filósofo Ortega y Gasset ante a instauración da Ditadura (El Sol, 27-XI-1923)

Hai que rematar coa "vella política" [...] As desdichas da nación proceden de que uns centos de homes, sen moralidade nin competencia, apoderáronse absolutamente do poder político e, usando este en beneficio propio, sen atender aos desexos da masa nacional, impiden toda obra fértil no público e no privado.

O cinismo, a desaprensión, a incompetencia, a ilegalidade, o caciquismo, etc. procedían, proceden e procederán da gran masa española que vive hai moito tempo, con anterioridade á instauración da "vella política" nun grao de desmoralización superlativa [...]

A curación de España [...] ten que atacar estratos do corpo nacional moito máis profundos.

O ditatorial, o mesmo que o demócrata, se quer facer algo acertado, terá que revolveirse contra a opinión pública. Pola contra, coa opinión públicavolverase irremisiblemente ao que ela creou: a "vella política".